



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E CATRO DE XUÑO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000000676 de don Pablo Seco Miranda.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Outeiro nº 20 -San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de canalización para conexión coa rede sumidoiros de aproximadamente 8 m de lonxitude cruzando un vial municipal (Expediente. Núm.: 2014/U009/000034). As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B504101440000TL.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Para a execución da acometida construírase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública; O conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo de rexistro. Tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permiti-lo seu correcto funcionamento.

A acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais. O efluente deberá reunir as condicións físico-químicas que se especifican no Regulamento de vertidos municipal. A arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de



mostras do efluente e deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Instancia núm. 201400000000716 de dona María Luz Riveiro Uzal.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en colocar tella sobre uralita existente, de aproximadamente 100 m² de superficie en planta, e pintar as fachadas de aproximadamente 120 m² de superficie (Expediente núm.: 2014/U009/000036), situada en Nande nº 14, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002201400NH44A0001LE.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor da fachada será acorde coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do entorno.

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e oito euros con nove céntimos (#88,09#).

2.3.- Instancia núm. 201400000000721 de don Lino Barros Alfonso.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para obras de colocación de tubos na gábea, aproximadamente 3 m de largo, cubertos con cemento para a rampla de acceso á finca (Expediente. núm.: 2014/U009/000037) no lugar de Viñogrande.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A009001240000SW.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400mm de diámetro. Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel co vial de maneira que non sobresaia.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.4.- Instancia núm. 201400000000581 de don Manuel Quián Barreiro (Expediente número 2014/U007/000003).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en O Milladoiro (Ames), expón que con data 25/04/2013 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Castro núm. 52 (Ponte Ulla), (licenza número 2013/U008/000007), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

2.5.- Instancia num. 201400000000764 de dona Teresa Cardama Valdés e don Manuel Boo González.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicitan licenza para proceder a regularizar os lindes das parcelas núm. 874 e 875 de concentración parcelaria de Sarandón, situadas en Cimadevila, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección de augas (R-5), de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco J. Bellet García.

A Xunta de Goberno acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas nas arcas municipais, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.6.- Instancia núm. 201300000001545 de dona María Sol Neira Nogueiras.



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de reforma de edificación auxiliar destinada a labores agrícolas en Tomonde (Expediente núm.: 2013/U008/000021), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm.: planta B, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto,, D. Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 20.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002305800NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ao proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos euros (#400,00#).

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Construción dunha senda peonil en San Fins de Sales.

Por Resolución da Alcaldía núm. 140/2014, de data 5 de maio, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente na *Construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial de A Coruña a través do convenio núm. 2014/15, de acordo cos pregos -tipo de cláusulas administrativas que rexen a contratación das obras incluídas en plans e outras obras provinciais aprobados polo Pleno da Deputación con data 25/05/2012 (BOP núm. 103/12, do 1 de xuño), publicándose anuncio de licitación no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), presentándose as ofertas que constan no expediente.

Á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o dez de xuño, acordou clasificar as ofertas presentadas e requirir a Martínez Montes e Hijos, S.L, como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que a citada empresa presentou en prazo a documentación requirida, de acordo co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicarlle á empresa MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L con NIF B-15.025.372 e domicilio social en Rúa da Lagoa, 6- Lucí (15883 Teo) o contrato de obras consistente en *Construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales*, mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo cos seguintes extremos:

Prezo de adxudicación: Cincuenta e dous mil cincocentos noventa e catro euros (#52.594#) máis once mil corenta e catro euros con setenta e catro céntimos



(#11.044,74#) de IVE, que supón unha baixa de vinte e dous mil novecentos corenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (#22.945,52#)) sobre do tipo.

Prazo de execución: 2 meses dende a sinatura da acta de refoermulación.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 453-609 do orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Notificarlle a adxudicación a todos os licitadores e citar a Martínez Montes e Hijos, S.L, adxudicataria do contrato, para a formalización do mesmo. Simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

CUARTO.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral.

QUINTO.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

SEXTO.- Designar como director da obra á técnica dona Clara Lema Rodríguez.

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.

4.1.- Instancia núm. 201400000000514 de dona Leticia Pardo Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda para a cobertura de necesidades básicas e escolarización da súa filla Laya Nayara Alemán Pardo.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para a cobertura de necesidades básicas e douscentos (#200,00#) euros para gastos derivados da escolarización da súa filla.

4.2.- Instancia núm. 201400000000516 de dona Amavel Varela Rey.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda para tratamento de rehabilitación (pedagóxico) e para a cobertura de necesidades básicas.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para tratamento de rehabilitación do seu fillo e cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para a cobertura de necesidades básicas.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
0292/E14	29/05/2014	75,08	Talleres Fins S.L.	San Revisión de lámpadas e aceite da rozadora avanzada en maio
0298/E14	30/05/2014	1.730,56	Talleres Fins S.L.	San Reparacións da rozadora avanzada durante o mes de maio
0299/E14	30/05/2014	287,90	Talleres Fins S.L.	San Reparación do tractor Lamborghini E9223BBB en maio
551	31/05/2014	165,00	Viajes S.L.	Peillet Servizo de autocar para viaxe fin actividades dos alumnos das escolas deportivas ao Multiusos do Sar-Santiago o 17/05/14
552	31/05/2014	440,00	Viajes S.L.	Peillet Servizo de autocar para viaxe da 3ª Idade ás termas de Outariz e Allariz o 21/05/2014 con achegas
553	31/05/2014	638,00	Viajes S.L.	Peillet Servizo de 2 autocares para viaxe dos alumnos do CEIP de Santa Cruz á Casa do Patrón en Lalín o 29/05/14
4001329644	31/05/2014	278,52	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizo de franqueo pagado mes maio
14A00166	31/05/2014	2.607,53	Sociser Galicia, S.L.	Prestación do servizo asistencial a domicilio no mes de maio
14A/00168	31/05/2014	4.560,90	Sociser Galicia, S.L.	Horas SAF dependencia mes maio
XU 97474	11/06/2014	706,25	Consellería Traballo	Primeiro pagamento (25%) do prezo dos Campamentos de Verán 2014 (50 prazas)
1401031858	02/06/2014	223,12	ADIF Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	- Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes xuño
140000193	31/05/2014	2.414,00	Drogueria-Ferreteria Sol, SL	El Materiais para obras nos campos de fútbol de Santa Cruz e San Mamede subministrados en maio
14/000088	30/05/2014	31,16	M.C. S.L.	Mapoca, Materiais para arranxos no CPI de Vedra subministrados en maio
14/000089	31/05/2014	102,85	M.C. S.L.	Mapoca, Materiais para obras de mantemento do palco do campo da festa de Merín subministrados en abril
5626201468000506	06/06/2014	2.284,02	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Produto bituminoso para a obra de arranxo de pistas do plan provincial DCT/2014, subministrado en xuño
2014/1376	31/05/2014	8.136,50	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes maio 2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2014331	05/06/2014	766,66	Electricidad Cruceiro, SL	Subministro e colocación de poste e luminaria en Nande-San Fins (segundo presuposto 2012261)
2014332	05/06/2014	512,07	Electricidad Cruceiro, SL	Subministro e colocación de farol en Castro-Ponte Ulla (segundo presuposto 2013087)
2014335	05/06/2014	141,28	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos realizados en xaneiro no preto da capela do campo da festa de Tomonde-Santa Cruz
2014336	05/06/2014	108,90	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos realizados no mes de marzo no campo de fútbol de Santa Cruz
34 4481	29/05/2014	1.330,20	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en maio na nave de Trobe
I14/300	30/04/2014	72,60	La Voz de Galicia, S.A.	Inserción de publicidade da Festa do Viño 2014 en La Voz de Galicia.es os días 10, 11, 12 e 13 de abril
14-00185	16/06/2014	30,25	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos subministrados para o stand de Vedra na Semana Verde de Silleda 2014
50740884	06/06/2014	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas das oficinas xerais e de servizos sociais mes xuño
V 1400247	31/05/2014	660,00	Servinor Prevencion, S.L.	Vixilancia da saúde individual de 22 empregados municipais realizada en abril en virtude do concerto de prevención
193//14	30/05/2014	93,84	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repastos para a maquinaria da brigada verde subministrados en maio
16	30/05/2014	1.801,56	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos feitos en edificios educativos, culturais e administrativos de febreiro a maio e montaxe Festa da Camelia 2014
TA4O60027 779	19/06/2014	22,16	Telefónica de España, SAU-Movistar	Factura do mes de xuño/2014 polo servizo de fax do departamento de servizos sociais municipais
CI07212519 75	15/06/2014	1.410,13	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos correspondentes ao período do 15/05/2014 ao 14/06/2014
27/14	15/06/2014	1.380,00	Asociación Sociocultural Aporia	Organización do curso de monitores de tempo libre celebrado do 05/04/2014 ao 25/05/2014
RECIBÍN	14/06/2014	300,00	Fontan Castaño Raquel	Importe da actuación o día 14 de xuño na Festa da 3ª Idade 2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



RECIBÍN	20/06/2014	150,00	Garcia Beatriz	Rey	Importe da actuación o día 20 de xuño na Sardiñada da 3ª Idade 2014
		314,50	Piñeiro Caldelas Mª Jesús		Quilometraxe polas xestións oficiais municipais realizadas en abril, maio e xuño
		28,10	Sanmartín Carrera Carlos		Quilometraxe e aparcamento por xestións da tesourería en xuño
		82,56	Gamás Villanueva Sonia		Indemnización e quilometraxe por asistencia a curso sobre a nova Lei de Espectáculos o 19/06/2014 na Coruña
		453,84	Membros da mesa de selección de persoal para cubrir a baixa por paternidade do titular da praza de axudante da recollida do lixo		Total indemnizacións polas reunións mantidas os días 11 e 12 de xuño de 2014 para o desenvolvemento do proceso selectivo
		191,77	Membros da mesa de selección de persoal para cubrir a baixa por IT do titular da praza de operario de punto limpo e servizos varios		Total indemnización pola reunión mantida o día 16 de xuño de 2014 para o desenvolvemento do proceso selectivo

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería – Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Escrito núm. 201400000000763 da ANPA do CEIP Ortigueira.

Dáse conta do citado escrito no que dona Eva Morquecho Sarasquete, como Presidenta da ANPA do CEIP Ortigueira, expón que o colexio vén participando dende hai anos en competicións escolares a nivel local, provincial e galego, movendo unha elevada porcentaxe de alumnos/as, obtendo no último campionato provincial celebrado na Pobra do Caramiñal 16 medallas; e ante a confusión que provoca o nome do colexio, posto que se cre que pertencemos ao concello de Ortigueira; a ANPA pensou na posibilidade de colocar no chándal o logotipo do concello de Vedra para poder identificarnos e representar así ao concello, solicitando unha axuda económica para a adquisición e rotulación dos mesmos.



A Xunta de Goberno acorda outorgar unha axuda económica de dez (#10,00#) euros por alumno/a.

6.2.- Escrito núm. 201400000000666 do CPI de Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que don José Viaño Rey, como Director do CPI de Vedra, expón que o colexio conta dende hai anos cunha aula de teatro que integra a un numeroso grupo de alumnos de educación secundaria, que está a desenvolver unha importante actividade acadando importantes éxitos, que cumpre ademais un labor de integración e axuda ao desenvolvemento persoal e social, solicitando unha axuda económica para facer fronte aos gastos de viaxes e material necesario para o seu funcionamento.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de catrocentos (#400,00#) euros.

6.3.- Escrito núm. 201400000000584 do CRA Boqueixón –Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que dona Yolanda Neira Gómez, en calidade de Presidenta do CRA Boqueixón –Vedra expón que o 10 de xuño fixeron unha saída á granxa escola de A Fervenza da Toxa en Silleda, solicitando unha axuda económica para sufragar os gastos do autobús.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.4.- Escrito núm. 201400000000756 da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do citado escrito no que don Gustavo Pazos Alonso, como Presidente da Xunta Directiva da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, expón que a banda organiza o XII Festival de Bandas de Música do Patio que se celebrará os días 11 e 12 de xullo, solicitando unha axuda económica para os gastos derivados da celebración do mesmo.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de cincocentos (#500,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.